

CERTAME DE MEMORIA HISTÓRICA DO BARBANZA

A Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica do Barbanza (CRMHB) e Nova Escola Galega (NEG) convocan o I **Certame de Memoria Histórica do Barbanza** co obxectivo de recoñecer, promover, premiar e difundir publicamente materiais sobre a memoria histórica que, polo seu valor e interese, contribúan ao desenvolvemento educativo de Galicia. O certame busca favorecer a innovación, a calidade na educación e a renovación pedagóxica, ao tempo que promove os valores democráticos e a dignidade inviolable da persoa.

Bases da convocatoria:

1. Temática e destinatarios/as

Os materiais didácticos presentados deberán estar dirixidos aos diferentes niveis de ensino e tratar calquera tema relacionado coa Memoria Histórica e a Memoria Democrática, que cumpra abordar no desenvolvemento do currículo educativo. Poderán presentarse traballos orientados a educación infantil, primaria ou secundaria (ESO, Bacharelato, FP).

2. Requisitos dos materiais

- Os traballos deberán ser **orixinais, inéditos** e estar redactados en lingua galega.
- Non se admitirán materiais xerados, creados ou adaptados mediante tecnoloxía de intelixencia artificial.
- Non se aceptarán traballos que xa foran premiados previamente noutros certames.

3. Texto explicativo

Cada material ou conxunto de materiais deberá incluír un texto explicativo, redactado en galego, cunha extensión máxima de 15 páxinas (por unha cara). Este texto deberá detallar as características, estrutura, obxectivos, destinatarios/as, proceso de elaboración, aplicación, avaliación e resultados obtidos.

4. Anonimato

Non poderá aparecer nos materiais ou na documentación presentada o nome, imaxe ou institución de referencia das autoras ou autores, nin ningún outro dato identificativo. O incumprimento deste requisito será motivo de exclusión.

5. Presentación de traballos

- Os traballos deberán enviarse ao correo electrónico: **certamememoriahistorica@gmail.com**.
- O prazo de presentación comeza coa publicación destas bases na web de NEG e no blog da CRMHB e remata o **30 de maio de 2025**.
- No e-mail enviado non deben figurar os nomes dos/as autores/as.

6. Pseudónimo e documentación adicional

- Os/as concursantes deberán identificarse mediante un pseudónimo.
- Deberán incluír un documento adicional no mesmo correo, que conteña:
 1. Pseudónimo.
 2. Título do traballo presentado.
 3. Domicilio, teléfono e correo electrónico.

CERTAME DE MEMORIA HISTÓRICA DO BARBANZA

4. Datos completos da entidade ou autor/a (ou autores/as) concursantes, e copia dos documentos que acrediten a súa identidade.
5. No caso de autoría colectiva, deberá designarse unha persoa representante ou apoderada única, con poderes para cumprir as obrigas correspondentes.

7. Aceptación das bases

A participación no certame implica a aceptación íntegra e incondicional das bases.

8. Composición do xurado

O xurado estará formado por representantes da CRMHB, NEG, o Concello e a comunidade educativa.

9. Categorías e modalidades

- **Categorías:**

1. Ensaio.
2. Narración.
3. Audiovisual.

- **Modalidades:**

- **A. Ensaio ou investigación histórica:**

- Tema: Relacionado coa Memoria Democrática (Guerra Civil ata o final da Transición).
- Extensión: Máximo 25 páxinas (anexos á parte), formato PDF, letra “Times New Roman”, corpo 12, entreliñado 1,5.
- Prazo: Presentar ao correo oficial antes do prazo indicado.

- **B. Traballo literario:**

- Tema: Aspectos da Memoria Democrática e os seus protagonistas.
- Extensión: Máximo 25 páxinas, sen extensión mínima. Inclúe relatos, microrrelatos ou poemas.
- Formato: PDF, letra “Times New Roman”, corpo 12, entreliñado 1,5.
- Prazo: Presentar ao correo oficial antes do prazo indicado.

- **C. Traballos audiovisuais:**

- Duración: Entre 1 e 5 minutos.
- Formato de entrega: MP4, AVI ou FLV.
- Prazo: Presentar ao correo oficial antes do prazo indicado.

10. Premios por modalidade

- **Primeiro premio:** 300 €
- **Segundo premio:** 150 €
- **Accésit:** 50 €
- **Total dotación:** 500 €

11. Criterios de avaliación

Os traballos serán avaliados segundo os seguintes criterios:

CERTAME DE MEMORIA HISTÓRICA DO BARBANZA

- Calidade segundo a modalidade e categoría.
- Relevancia no ámbito da memoria histórica.
- Contribución á memoria colectiva e social.
- Valor pedagóxico.

12. Resolución do xurado

As decisións do xurado serán inapelables. O xurado poderá declarar deserto calquera premio se así o considera.

13. Difusión das obras premiadas

As entidades convocantes comprométense a dar publicidade ás obras premiadas. A participación implica a autorización para a súa difusión.

14. Publicación das bases e convocatoria

As bases publicaranse na páxina web oficial de NEG nas redes sociais da CRMHB e NEG.